



O Carné Xove euro 30 é persoal e intransferible a disposición da mocidade galega entre 12 e 30 anos, que a acredita como tal e coa que obtén descontos e vantaxes das Entidades Colaboradoras na Comunidade Autónoma de Galiza, no resto das comunidades autónomas españolas e nos 40 países europeos adheridos ao programa do Carné Xove

Non podedes esquecer que todos os descontos que figuran nesta guía non serán de aplicación en periodo de rebaixas, liquidación, promoción ou sobre produtos xa rebaixados, nin nos pagos con tarxeta.

A través dun adhesivo, que recolle unha reprodución do logo euro<30 identificarás os lugares onde vos farán algún tipo de desconto ou vantaxe.

Se algún establecemento non realizara o desconto que figura na guía, deberedes poñelo en coñecemento da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade mediante a folla de reclamación que aparece nas últimas páxinas da guía ou que tamén podedes descargar da páxina.

Debedes ter en conta que estes establecementos poden darse de baixa notificándoo á Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade con dous meses de antelación, polo que esta información aparecerá actualizada nesta páxina web.

A obtención do carné xove euro <30 dá dereito a un exemplar da guía de balde e a poder solicitar, no resto das comunidades autónomas e en Europa, exemplares das súas guías respectivas cando vos encontredes alí.

DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA FACER O CARNÉ XOVE

- Impreso de solicitude

- Impreso de pagamento de taxas (6 €)
- Presentación de DNI ou libro de familia no que figure a persoa
- Foto tamaño carné

VALIDEZ

- Este carné ten unha vixencia de dous anos contados a partir da data da súa expedición. O dito carné pódese expedir como modelo clásico ou como modelo combinado carné xove euro<30 xunto coa tarxeta bancaria

LUGAR DE TRAMITACIÓN

- Na Oficina Municipal de Información Xuvenil.

Casa da Xuventude

Avda. de Portugal, 11 bis 1º Andar

Horario de 9,00 a 14,00 h de luns a venres.